



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

**PROXECTO EDUCATIVO**  
**ASPECTOS CURRICULARES XERAIS:**  
**CRITERIOS XERAIS SOBRE A**  
**AVALIACIÓN DO ALUMNADO**

1/2

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

### 1.- OBXECTIVO

Identificar as aprendizaxes o ritmo e características da evolución de cada neno e nena.

### 2.- ALCANCE

Este protocolo é de aplicación para todo o profesorado e alumnado de EI.

Base legal: Orde do 1 de marzo de 2008 pola que se regula a avaliación na educación infantil no territorio español

### 3.- REALIZACIÓN

#### a) Carácter da avaliación:

1. Será continua, global e formativa .
2. O proceso de avaliación utilizará como técnica principal a observación directa e sistemática e servirá para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución do alumnado, tomando como referencia os criterios de avaliación de cada área.

#### b) Resultados da avaliación:

1. Termos: MB ( Moi ben), B (Ben), R (Hai que reforzar), N (Non conseguido).

#### c) Desenvolvemento do proceso de avaliación:

1. As titoras elaboran un informe individualizado de avaliación a partir dos datos da avaliación continua nel recóllese a información da titora e outros profesionais que traballen co grupo de alumnos  
Ese informe recollerá tamén as medidas de reforzo e adaptacións curriculares.
2. Avaliación inicial
  - (1) A titora realizará unha avaliación inicial ó incorporarse un alumno por primeira vez no centro
  - (2) Recollerase nun informe o grao de desenvolvemento das capacidades básicas.
  - (3) Nese informe do punto anterior incluírase a información aportada polas familias e aqueles informes importantes para a vida escolar.O informe incluírá os aspectos que decida o equipo educativo do ciclo e reflexarase no proposta pedagóxica do centro.
  - (4) Non se enviará información escrita aos pais.
3. Sesións de avaliación
  - (1) Convocadas e presididas polo xefe de estudos da etapa, manteremos as seguintes sesións de avaliación
    - (a) Primeira (final do primeiro trimestre do 1º,2º e 3º curso do ciclo)
    - (b) Segunda (final do segundo trimestre do 1º, 2º e 3º curso do ciclo)
    - (c) Terceira ( final do terceiro trimestre do 1º, 2º e 3º curso do ciclo)
  - (2) Cada sesión será realizada polo profesorado que imparte docencia no grupo con presenza dun membro do equipo de orientación e coordinada polo profesor titor.
  - (3) Valorarase o grao de desenvolvemento de competencias básicas, obxectivos previstos e medidas adoptadas.
  - (4) Farase seguimento do alumnado que non alcanzou as competencias básicas dalgunha materia e do alumnado de reforzo.
  - (5) Cada profesor titor levanta acta da reunión e das decisións tomadas (modelo que xa temos)
4. Procedemento
  - (1) Cada profesor introduce as cualificacións e demais observacións antes da sesión de avaliación no sistema de Vía Educativa.
  - (2) O xefe de estudos recolle os datos e elabora unha actilla grupal.
  - (3) O titor analiza dita información e prepara a xunta de avaliación.



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

**PROXECTO EDUCATIVO**  
**ASPECTOS CURRICULARES XERAIS:**  
***CRITERIOS XERAIS SOBRE A***  
***AVALIACIÓN DO ALUMNADO***

2/2

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

- (4) Cada familia recibe por escrito e a través de Vía educativa a seguinte información de cada área:
  - (a) Cualificación de contidos nos termos legais
  - (b) Actitude
  - (c) Observacións
  - (d) Asistencia e puntualidade
5. Medidas de atención á diversidade: en calquera momento do curso.
6. A cualificación de cada unha das materias será decidida polo profesor que as imparta
7. Avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo: os alumnos con adaptación curricular significativa. A avaliación e promoción tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.

**d) Documentos oficiais de avaliación**

1. Actas de avaliación: elaboradas en secretaría e asinadas polos profesores. Custodiadas na secretaría.
2. Expediente académico (custodiado na secretaría). Comprenderá a ficha persoal, os informes anuais de avaliación, o informe individualizado de final de ciclo e o resumo da escolaridade.
3. Nos alumnos/as que se teña identificado NEE, terá que recollese no seu expediente persoal unha copia da valoración psicopedagóxica, apoios e adaptacións curriculares que foran necesarias.
4. Resumo de escolaridade (custodiado na secretaría).
5. Informe persoal por traslado: elaborado e asinado pola persoa titora.
6. Informe individualizado: realizado por todo o profesorado en Vía Educativa.